

2025



**PAZO DA
CULTURA**
Concello de Narón

TEATRO MÚSICA DANZA MUSICAIS MAXIA

PROGRAMACIÓN

SETEMBRO/OUTUBRO/NOVEMBRO/DECEMBRO

Esta programación poderá sufrir cambios

Todas as representacións terán lugar no Pazo da Cultura agás onde se especifique o contrario

Despacho de billetes:
De luns a sábados
9:30 a 14:00 horas
17:00 a 20:30 horas
Teléf. 981 102 897
(Despacho de billetes)
taquilla.pazo@naron.gal

SETEMBRO	Sábado 13 20:00 horas Pazo da Cultura	Comedia RABABIERO PROMOCIÓNS NOITES DE RETRANCA Quico Cadaval - Oswaldo Digón - Federico Pérez
	Domingo 21 19:00 horas Pazo da Cultura	Músicas do mundo MARÍA LÓPEZ PRESENTACIÓN DO DISCO DAYDREAMING
	Sábado 27 21:00 horas Pazo da Cultura	Comedia AINÉ PRODUCCIÓN, S.L. SOMOS CRIMINAIS E PUNTO FINAL
OUTUBRO	Venres 3 20:30 horas Sábado 4 20:00 horas Pazo da Cultura	Drama TALÍA TEATRO UN DEUS SALVAXE
	Sábado 11 20:00 horas Pazo da Cultura	Drama UNAHORAMENOS PRODUCCIONES ME LLAMO SULEIMAN
	Venres 17 20:30 horas Sábado 18 20:00 horas Pazo da Cultura	Teatro contemporáneo PENTACIÓN ESPECTÁCULOS EL CAMINO A LA MECA
	Venres 24 20:30 horas Café-Teatro do Pazo	Música folk, pop, indie ALONDRA BENTLEY LA MATERIA
	Sábado 25 20:00 horas Pazo da Cultura	Comedia CONTRAPRODUCCIÓN APAGA O CANDIL
	Venres 7 20:00 horas Sábado 8 20:00 horas Pazo da Cultura	Teatro contemporáneo CENTRO DRAMÁTICO NACIONAL 1936
NOVEMBRO	Venres 14 21:00 horas Pazo da Cultura	Música rock TERTULIA PRODUCCIÓN QUEEN IS BACK (Concerto tributo a Queen)
	Sábado 15 20:00 horas Pazo da Cultura	Comedia ÁRTIKA NON PASARÁN
	Xoves 20 20:30 horas Pazo da Cultura	Danza clásica CLASSIC STAGE, SLU EL LAGO DE LOS CISNES
	Sábado 22 20:00 horas Pazo da Cultura	Teatro contemporáneo SARABELA TEATRO A METAMORFOSE
	Venres 28 20:30 horas Café-Teatro do Pazo	Música folk, pop CLUB DEL RÍO CANCIONES INESTIMABLES
	Sábado 29 20:00 horas Pazo da Cultura	Comedia PRODUCCIÓN TEATRAIS EXCÉNTRICAS MOFA E BEFA: OS DOUS DE SEMPRE. O REGRESO
	Venres 5 20:30 horas Sábado 6 20:00 horas Pazo da Cultura	Teatro contemporáneo TEATRO DO NOROESTE MANUAL DE PATRONAXE (ESTREA)
	Sábado 13 20:00 horas Pazo da Cultura	Música folk tradicional XABIER DÍAZ AXÚDAME A SENTIR
DECEMBRO	Xoves 18 20:00 horas Pazo da Cultura	Música gospel THE SOUTH CAROLINA GOSPEL CHORALE MICHAEL JACKSON HAPPY DAYS
	Sábado 20 18:00 horas Pazo da Cultura	Musical infantil VOL MUSIC EVENTS OHANA: EL MUSICAL ORIGINAL DE LILO Y STICH!
	Sábado 27 19:30 horas Pazo da Cultura	Música ASOC. CULTURAL-MUSICAL SEMENTEIRA CONCERTO DE FIN DE AÑO
	Luns 29 20:30 horas Pazo da Cultura	Maxia FESTIVAL INTERNACIONAL DE ILUSIONISMO GALICIA MAGIC FEST

Sábado 13 de setembro

20:00 | Pazo da Cultura

COMEDIA



Adulto | 120 minutos | galego

RABABIERO PROMOCIÓN

NOITES DE RETRANCA:

Quico Cadaval

Oswaldo Digón

Federico Pérez

Voltan as Noites de Retranca ao Pazo da cultura de Narón!!!

O espectáculo de humor por excelencia do país, regresa a Narón con Oswaldo Digón, Federico Pérez e Quico Cadaval.

Dúas horas de humor, do noso humor, coas Noites de Retranca.

PREZOS: ESPECTÁCULO FÓRA DE ABONO

Patio de butacas: 15,00 €

Anfiteatro 1: 15,00 €

Anfiteatro 2: 12,00 €

Domingo 21 de setembro

19:00 | Pazo da Cultura

MÚSICAS DO MUNDO



Todos os públicos | 60 minutos | galego

MARÍA LÓPEZ

Presentación do disco DAYDREAMING

'Daydreaming' marca o inicio dun soño para María López: poder expresar os seus sentimentos e emocións a través da música. Este proxecto desenvolveuse ao longo de máis dun ano, aproveitando os momentos libres que os seus estudos universitarios lle permitiron.

O álbum non segue ningunha estética definida nin tendencia establecida. Trátase dunha colección de pezas coas que a artista se sente identificada e cómoda. O disco consta de doce temas, todos interpretados e arranxados integramente por ela mesma.

Con este traballo, María López tamén busca dar visibilidade a instrumentos que con frecuencia están confinados a determinados xéneros musicais. Aínda que respecta as súas características tímbricas e o seu rexistro, a artista quere demostrar que estes instrumentos poden adaptarse a unha variedade de repertorios, incluído o clásico.

Biografía: María López é unha música multiinstrumentista nacida en Narón (A Coruña) no ano 2004. Iniciou a súa formación musical en 2010 e titulouse en 2022 nos Graos Profesionais de Gaita e Piano no Conservatorio Profesional Xan Viaño de Ferrol. Estes estudos completounos co aprendizaxe de zanfona xunto aos zanfonistas máis recoñecidos do panorama internacional.

En 2019, con tan só 14 anos, converteuse nun referente da música tradicional galega ao gañar a XXXIV edición do Trofeo MacCrimmon, durante a 49ª Edición do Festival Intercéltico de Lorient. Este premio, o máis prestixioso ao que pode optar unha gaiteira galega, consagrouna como a gañadora máis nova e a primeira muller galega en alcanzar este recoñecemento.

María López tamén é coautora do libro/disco 'As que dormen entre o centeo', publicado pola Asociación do Baile e a Música de Tradición Galega, unha obra que recolle composicións para gaita escritas por dezaseis mulleres, reivindicando o papel feminino na música tradicional.

Ao longo da súa traxectoria, colaborou con artistas de renome como BellónMaceiras, Susana Seivane e Carlos Núñez, consolidándose como unha das figuras máis prometedoras e versátiles da música galega actual.

PREZOS: ENTRADA DE BALDE

Sábado 27 de setembro

21:00 | Pazo da Cultura

COMEDIA



Adulto | 90 minutos | galego

AINÉ PRODUCIÓNS, S.L.

SOMOS CRIMINAIS E PUNTO FINAL

Falta pouco máis dunha hora para a fin do mundo. En Galicia, unha nave, a Arteixo II, está a piques de despegar cuns poucos elixidos a bordo en dirección a un planeta onde empezarán unha nova vida. Os capitáns da nave, Carlos Blanco e Touriñán, son os encargados de que a evacuación se leve a cabo con éxito e de meter nesta Arca de Noé galega todo o noso patrimonio humano, material e inmaterial máis prezado, para que a nova terra á que emigraremos siga sendo criminal.

Carlos Blanco e Xosé A. Touriñán poñen o punto e final a un dos proxectos con máis éxito do teatro galego nas últimas décadas cun novo espectáculo que xirará por toda Galicia este 2025.

PREZOS: ESPECTÁCULO FÓRA DE ABONO

Patio de butacas: 20,00 €

Anfiteatro 1: 18,00 €

Anfiteatro 2: 15,00 €

Venres 3 e sábado 4 de outubro

Venres 20:30 / Sábado 20:00 | Pazo da Cultura

DRAMA



Adulto | 70 minutos | galego

TALÍA TEATRO

UN DEUS SALVAXE

Dous matrimonios, adultos e civilizados, atópanse para resolver un incidente protagonizado polos seus fillos pequenos: un deles partiulle dous dentes ao outro nunha pelexa no parque. Nada que uns pais civilizados non poidan resolver.

Con este sinxelo argumento, Yasmina Reza compón unha sátira da sociedade contemporánea e disecciona, con moito sentido do humor, as relacións de parella, a educación, a competitividade,... pero, sobre todo, o exceso de corrección política.

Autor: Yasmina Reza

Dirección: Artur Trillo

Elenco:

María Ordóñez - Dani Trillo - Marta Lado - Toño Casais

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Sábado 11 de outubro

20:00 | Pazo da Cultura

DRAMA



Adulto | 75 minutos | castelán

UNAHORAMENOS PRODUCCIONES

ME LLAMO SULEIMÁN

Me llamo Suleimán é unha obra centrada na emigración clandestina entre África e España, e máis concretamente na viaxe que han de realizar os que emprenden a aventura de realizala. Coñecer como é a viaxe do emigrante –tanto a que se realiza entre África negra e o norte de Marrocos, a través do Sáhara, como a que transcorre entre as costas africanas e as canarias- pódenos axudar a comprender mellor a decisión que deben tomar miles de persoas e formular cales son as razóns para tomala, sabendo que –como por desgraza ocorre con moitísima frecuencia- as súas vidas corren perigo.

A nosa sociedade faise moitas preguntas sobre o fenómeno da emigración, pero son xeralmente preguntas sobre a súa propia situación. É sen embargo fundamental que nos fagamos tamén preguntas sobre o que acomete a gran viaxe, para comprender na súa globalidade o problema.

Temos unha visión distorsionada da realidade da emigración e é importante superar esa situación, porque miles de africanos estanse a incorporar á nosa sociedade e non debemos permitir que iso sexa un factor de desestabilización social: asumir a diversidade cultural e humana dunha sociedade como elemento enriquecedor require un esforzo por coñecer mellor ao outro e aceptar a diversidade como algo positivo.

Me llamo Suleimán pretende contribuír ao achegamento entre quen emigra e quen recibe ao emigrante, un reto tan fermoso como imprescindible, dándolle voz a un mozo que chega ás nosas costas para contarnos como foi a súa viaxe e que foi o que o impulsou a empréndela.

Dirección: Mario Vega / **Elenco:** Marta Viera

Texto: Antonio Lozano / **Animación:** Juan Carlos Cruz

Deseño de audiovisuais: Marga Turnbull - Mariano Romero

Deseño de animacións:

María Dolores Abujas - Elvis Pedro Nsue

Iluminación: Tomás Charte / **Arte:** Elena Gonca

Música: Salif Keita

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Venres 17 e sábado 18 de outubro

Venres 20:30 / Sábado 20:00 | Pazo da Cultura

TEATRO CONTEMPORÁNEO



Adulto | 90 minutos | castelán

PENTACIÓN ESPECTÁCULOS

EL CAMINO A LA MECA

Esta historia fala sobre os desafíos da arte, a liberdade individual e o choque entre as expectativas sociais e a autorrealización.

Camino a la Meca inspírase nunha muller real, Helen Martins, que se rebelou contra todos os estamentos da súa época. Un ser que persegue o desexo, a luz da inspiración que non corresponde a ningunha idade nin a ningunha xeración. Alguén que prefire as preguntas ás certezas, que valora a súa liberdade e a súa autonomía enfrontándose ao seu tempo e ao mundo que a rodea.

Unha muller que creou un xardín extraordinario, cheo de escultura e obxectos de vidro, que é coñecido como El camino a La Meca.

Aínda que nunca viaxou á Meca, a súa obra reflectía o seu anhelos espiritual e a súa procura de significado, simbolizada pola idea do "camiño" cara a un lugar sacro.

Unha fonda reflexión sobre o illamento, a loita interna e o conflito entre conformarse coas expectativas da sociedade ou seguir os propios soños e desexos.

Reperto: Lola Herrera - Natalia Dicenta - Carlos Olalla

Autor: Athol Fugard / **Versión:** Claudio Tolcachir

Escenografía: Alessio Meloni / **Vestuario:** Pablo Menor

Iluminación: Juan Gómez-Cornejo

Axudante de dirección: María García de Oteyza

Técnico de son: Félix Botana

Técnico de iluminación: Javier Gómiz

Maquinista: Alfonso Peña

Perruquería e xastrería: Gema Moreno

Deseño de cartel: David Sueiro

Fotografía de cartel: Daniel Dicenta

Xefe de produción: Juan Pedro Campoy

Axudante de produción: Estela Ferrándiz

Xefe técnico: Ignacio Huerta / **Dirección:** Claudio Tolcachir

PREZOS: Público xeral: 18,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 12,60 €

Venres 24 de outubro

20:30 | Pazo da Cultura

MÚSICA FOLK-POP-INDIE



Todos os públicos | 60 minutos | castelán-inglés

ALONDRA BENTLEY

LA MATERIA

Espectáculo, en formato trío.

Alondra Bentley, nada en Reino Unido e afincada en España, crea un universo musical persoal e íntimo. A súa música transita entre o folk, o pop e o indie, conecta coas emocións dun público amplo grazas á combinación de melodías delicadas e letras evocadoras que reflicten influencias como Nick Drake ou Joni Mitchell, pero cunha identidade propia.

A súa capacidade para cantar en inglés e español amplía o seu alcance internacional, levándoa a festivais e escenarios de todo o mundo.

Os seus traballos discográficos son un exemplo de versatilidade e riqueza sonora. De feito, as atmosferas que crea coa súa música convidan á introspección, pero tamén a gozar de momentos de luz e conexión. Escoitala é penetrarse nunha viaxe cálida e envolvente.

PREZOS: Público xeral: 12,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 8,40 €

Sábado 25 de outubro

20:00 | Pazo da Cultura

COMEDIA



Adulto | 75 minutos | galego

CONTRAPRODUCCIÓNS

APAGA O CANDIL

75 minutos lembrando a figura de Carlos O Xestal. Diversión, emoción e reflexión nun espectáculo que reivindica a riqueza da tradición oral e a memoria rural como fonte expresiva na que ten de beber a lingua viva e con arelas de futuro.

Noite de luar. Encrucillada de camiños. Entra en escena un home miúdo e melancólico. É o personaxe d'O Xestal.

Á luz dun candil, vestido de repoludo gaiteiro rosaliano, sáelle ao paso un mozo novo e garrido. É a morte.

O personaxe d'O Xestal négase a recoñecer a morte en tan atípica fasquía. Cando finalmente a recoñece resístese a seguila, establecéndose entre eles unha dinámica e amena tirapuxa na que se mesturan os episodios máis significativos da sufrida vida d'O Xestal con algúns dos seus contos máis divertidos.

Autor: Cándido Pazó

Elenco: Avelino González - Toni Salgado

Escenografía e atrezzo: Pablo Giráldez "O Pastor"

Vestuario: De cotío

Cartaz: Juan Gende

Técnica e Iluminación: Afonso Castro - Miguel Cabaleiro

Música: Xurxo Souto - Richi Casás

Técnico de grabación: Tomás Ageitos

Dirección de produción: Belén Pichel

Dirección de escena: Cándido Pazó

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Venres 7 e sábado 8 de novembro

Venres 20:00 / Sábado 20:00 | Pazo da Cultura

TEATRO CONTEMPORÁNEO



Adulto | 4 hrs. e 10 min. (con 2 descansos de 15 minutos) | castelán

CENTRO DRAMÁTICO NACIONAL

1936

1936 trasladaranos por un continuo vaivén de escenarios e de situacións que nos axudarán a entender a complexidade dunha realidade desde distintos enfoques e perspectivas. Se queremos construír unha historia real non podemos ofrecer unha imaxe fixa ou estática das vicisitudes da época.

Dicía Walter Benjamín que a historia a escriben os vencedores e impoñenlla aos vencidos. '1936' ofrece unha perspectiva vital e necesaria para lembrar de onde vimos. Pasamos varios meses á procura de datos e apuntamentos, e despois dun laborioso e tenaz traballo de investigación e rastrexo en arquivos, bibliotecas e hemerotecas, sabemos que a historia non é como nola contaron. Esta montaxe ofrece unha mirada omnisciente e afastada de calquera carácter partidista ou propagandístico, a partir dun proceso de investigación.

"A guerra civil deu lugar a un réxime franquista sostido pola igrexa, o exército, a aristocracia e unha gran masa social. É o pobo o que me fai cuestionarme máis. Como e por que apoia un réxime baseado na represión?. E hoxe? Antes a ultradereita impoñíase por golpes de estado, pero hoxe son votados nas urnas. Por que?"

Andrés Lima, Director e coautor de 1936

Texto: Albert Boronat - Juan Cavestany

Andrés Lima - Juan Mayorga / **Dirección:** Andrés Lima

Intérpretes: Antonio Durán "Morris" - Mamen Camacho

Natalia Hernández - María Morales - Paco Ochoa

Cristina Arias - Guillermo Toledo - Juan Vinuesa y Coro de Jóvenes de Madrid

Escenografía e Vestiario: Beatriz San Juan

Iluminación: Pedro Yagüe

Composición musical: Jaume Manresa

Axudante de dirección: Laura Ortega

Unha produción do Centro Dramático Nacional, CHECK IN PRODUCCIONES, EL TERRAT

PREZOS: Público xeral: 28,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 19,60 €

Venres 14 de novembro

21:00 | Pazo da Cultura

MÚSICA ROCK



Todos os públicos | 110 minutos | inglés

TERTULIA PRODUCCIÓN

QUEEN IS BACK

Concerto tributo a Queen

Os artistas de QUEEN IS BACK coidan ao detalle a posta en escena que utilizaba QUEEN na Xira do 86, sendo a última Xira con "Freddie Mercury" en escena.

Queen era excepcional porque os seus músicos eran excepcionais. Neste espectáculo veremos a Daniele Fasciani desde Italia cunha impecable caracterización e voz impecable. Un espectáculo en directo con Giacomo Figliolino no papel de Brian May, Roberto Damicis como Roger Taylor e Julio Llorca no papel de John Deacon.

Esta tempada poderemos gozar dunha nova xira de concertos polas principais cidades de Europa gozando dos grandes éxitos de QUEEN en directo con todas as súas grandes cancións como "We are the Champions" ou "Bohemian Rhapsody" «Radio Ga Ga» ou «A Kind of Magic» .

PREZOS: VENTA ANTICIPADA:

Patio de butacas: 28,00 €
Anfiteatro 1: 26,00 €
Anfiteatro 2: 24,00 €

DÍA DO EVENTO:

Patio de butacas: 32,00 €
Anfiteatro 1: 30,00 €
Anfiteatro 2: 28,00 €

Sábado 15 de novembro

20:00 | Pazo da Cultura

COMEDIA



Adulto | 80 minutos | galego

ÁRTIKA

NON PASARÁN

NON PASARÁN desenvólvese nun país/lugar sacudido por unha vaga de incendios provocados por unha organización descoñecida. O lema da cidadanía é claro: "Non pasarán" un chamado a non permitir a entrada de estraños nos fogares, que poderían poñer en perigo a súa integridade e á comunidade. Con todo, Cándido e a súa filla acollen a unha misteriosa parella na súa casa, o que desencadea unha serie de sucesos que transforman a súa vida cotiá.

Incapaces de defender os seus propios principios, os personaxes vense atrapados nunha espiral de renuncias e comportamentos que os levará á destrución, converténdose finalmente en cómplices incendiarios do seu propio fogar.

Unha versión libre de "Biedermann e os incendiarios" de Max Frisch, que explora o auxe da extrema dereita, e convida a cuestionar o presente e a non permanecer indiferentes ante o perigo.

Autor: Vanesa Sotelo e Tito Asorey

Dirección: Tito Asorey

Adaptación: Vanesa Sotelo e Tito Asorey

Escenografía: Carlos Alonso / **Deseño son:** Anxo Fernández

Deseño iluminación: Laura Iturralde

Vestuario: Carlos Alonso / **Música:** Xabier Bertolo

Coreografía: Tito Asorey

Elenco artístico: Fernanda Barrio - Marcos Alonso

Rocío Salgado - Martín Maez

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Xoves 20 de novembro

20:30 | Pazo da Cultura

DANZA CLÁSICA



Todos os públicos | 140 min. (con 20 min. de descanso)

CLASSIC STAGE, SLU

EL LAGO DE LOS CISNES

Chea de romanticismo e beleza, EL LAGO DE LOS CISNES é considerada a obra mestra máis espectacular do repertorio de danza clásica. Un tema de verdadeira poética romántica, onde o ben triunfa sobre o mal.

Unha produción clásica con elementos na escenografía de increíble realismo, vestuario cegador, accesorios elaborados con suntuosos detalles e unha gama de melodías encantadoras que conforman esta gran obra mestra do ballet clásico.

Un elenco de artistas internacionais composto por nove nacionalidades, dan corpo e alma a esta xenial e irresistible produción clásica. Unha experiencia emocionante e inesquecible. Un espectáculo único que perdurará na memoria do público.

Música: Piotr Tchaikovsky

Libreto: Vladimir Begichev - Vasily Geltzer

Coreografía: Marius Petipa - Lev Ivanov

Escenografía e Vestuario: Classic Stage

PREZOS: ESPECTÁCULO FÓRA DE ABONO

Patio de butacas: 33,00 €

Anfiteatro 1: 25,00 €

Anfiteatro 2: 20,00 €

Sábado 22 de novembro

20:00 | Pazo da Cultura

TEATRO CONTEMPORÁNEO



Adulto | 70 minutos | galego

SARABELA TEATRO

A METAMORFOSE

A Metamorfose é a máis célebre novela de Franz Kafka e unha das máis importantes de toda a historia da literatura.

Sen a menor cerimonia, o texto coloca o lector diante do famoso Gregor Samsa, transformado en insecto monstruoso. A partir de aí a historia é narrada cun realismo inesperado que asocia o inverosímil e o sentido de humor ao que é trágico, grotesco e cruel na condición humana - todo no estilo transparente e perfecto dese mestre inconfundible da ficción universal. Rescataremos na versión escénica de Carlos Álvarez Ossorio a dimensión cómica e grotesca do texto que, ocasionalmente, desemboca no hilarante "slapstick".

Que pasa cando lle quitamos a categoría de humano a un ser humano? Se non son seres humanos, entón, que son? Bechos? Insectos?

A metamorfose mostra a necesidade do ser humano de ser recoñecido, valorado e amado polo que é, non polo que produce ou aporta.

Autor: Frank Kafka / **Dirección:** Carlos Álvarez Ossorio

Adaptación: Carlos Álvarez Ossorio

Escenografía: Baltasar Patiño

Deseño son: Renata Codda Fons

Deseño iluminación: Baltasar Patiño

Vestuario: Ruth Díaz Pereira

Música: Vadim Yuknevich / **Coreografía:** Nuria

Elenco artístico: Elena Seijo - Fernando Dacosta -
Fernando González - Sabela Gago - Fina Calleja

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Venres 28 de novembro

20:30 | Café-Teatro do Pazo da Cultura

MÚSICA FOLK-POP



Todos os públicos | 60 minutos | castelán

CLUB DEL RÍO

CANCIONES INESTIMABLES

Espectáculo, en formato trío.

Tras publicar o pasado febreiro "Todo alrededor", Club del Río presenta en concerto "Cancións Inestimables": menos instrumentos e centrar a atención na canción, letra e voces é a nova fórmula escollida polo trío, un folk luminoso e optimista, cheo de matices e de influencias varias que aderezan cuns xogos vocais brillantes e uns arranxos que converten as súas cancións en marabillas instantáneas. Unha fermosa anomalía.

PREZOS: Público xeral: 12,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 8,40 €

Sábado 29 de novembro

20:00 | Pazo da Cultura

COMEDIA



Adulto | 90 minutos | galego

PRODUCCIÓNS TEATRAIS EXCÉNTRICAS

MOFA E BEFA: OS DOUS DE SEMPRE. O REGRESO

Moita xente, cando escoita a expresión "Os Dous de Sempre", no primeiro que pensa é en Mofa e Befá. E a Castelaio non lle parece mal. O dúo cómico fundado hai trinta anos por Evaristo Calvo e Víctor Mosqueira son parte do fecundo río do humor galego que ten a súa fonte nos bufóns e no escarnio medievais e ao que tamén pertence o humor de Castelaio.

Mofa e Befá pertencen á estirpe dos pallasos de circo, dos artistas do cinema mudo, dos canallas do cabaret. Agora decídense a encarnar dous personaxes de papel, concibidos por un humorista gráfico: Os Dous de Sempre.

Pedriño e Rañolas son contraditorios, extremos, antagónicos, polarizados...mais amigos. Un é o arriscado soñador (unha forma do idealismo) e o outro é un pancista pusilánime (unha forma do materialismo). Esta oposición entre corpo e alma, entre estómago e corazón aparece noutras parellas famosas, como Quixote e Sancho Panza, en Jacques o Fatalista e o seu patrón ou Don Celidonio e o Doutor Alveiros, de Risco. Pedriño e Rañolas entran neste selecto clube, unidos a unha mancha de pallasos anónimos, artistas populares que correron as festas e romarías e que Castelaio admirou con compasivo humor.

Autor: Quico Cadaval - Carme Varela

(Versión libre de Os Dous de Sempre de Castelaio e da súa produción de humor gráfico)

Dirección: Quico Cadaval / **Escenografía:** Baltasar Patiño

Deseño son: Piti Sanz

Deseño iluminación: Baltasar Patiño

Vestuario: Carlos Alonso / **Música:** Piti Sanz

Elenco artístico:

Evaristo Calvo - Víctor Mosqueira

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Venres 5 e sábado 6 de decembro

Venres 20:30 / Sábado 20:00 | Pazo da Cultura

TEATRO CONTEMPORÁNEO



Adulto | 75 minutos | galego

TEATRO DO NOROESTE

ESTREA

MANUAL DE PATRONAXE

Unha reivindicación de todos eses momentos que, pasando desapercibidos, son non obstante, as puntadas que conforman o bordado da nosa vida.

É unha peza de autoficción na que o personaxe da Escritora busca descubrir a súa identidade como muller e como creadora nunha crise creativa. A través dos recordos do pasado de cando era Nena, descobre que a súa Avoa, que era modista, foi para ela un verdadeiro modelo feminista.

Autor: Nerea Brey

Dirección: Clara Gayo

Adaptación: Clara Gayo

Escenografía: Equipo Taetro

Deseño son: César Seijas

Deseño iluminación: César Seijas

Vestuario: Eva Alonso

Elenco artístico:

Iolanda Muíños - Susana Sampedro - María Roja

PREZOS: Público xeral: 9,50 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Sábado 13 de decembro

20:00 | Pazo da Cultura

MÚSICA FOLK TRADICIONAL



Todos os públicos | 65 minutos | galego

XABIER DÍAZ

AXÚDAME A SENTIR

Axúdame a sentir dicíame Obdulia con frecuencia, a miña avoa materna. Foi unha de tantas catedráticas sen título nesa célebre universidade da vida. Nada hai máis necesario que sentir e tampouco hai momento máis acaído para perseguir ese verbo que os tempos nos que vivimos: as humanidades esvaécense ao tempo que medra o binomio virtual-máquina. As artes, en xeral, atenderon historicamente a nosa necesidade de sentir. Ese lugar sen algoritmos é unha casa que debemos visitar tantas veces como nos sexa posible. Celebrar a non virtualidade, abrazarnos, escoitar, beber, bailar, sentir, escribir, debuxar, cantar, soñar...

A nosa casa é un torreiro e tamén a platea dun teatro ou as mesas dunha baiuca. O que acontece nun concerto é algo único e irrepetible: extínguese ao pechar o pano, mais á súa vez, é unha chama que prende e segue quentando o noso peito durante moito tempo. Ás veces acompañanos toda unha vida.

PREZOS: Público xeral: 12,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 8,40 €

Xoves 18 de decembro

20:00 | Pazo da Cultura

MÚSICA GOSPEL



Todos os públicos | 90 minutos | inglés

THE SOUTH CAROLINA GOSPEL CHORALE

MICHAEL JACKSON HAPPY DAYS

The South Carolina Gospel Chorale é unha mostra vibrante do emotivo soul tradicional e o gospel contemporáneo facendo das súas actuacións unha viaxe inesquecible pola historia da música negra americana, desde os cantos dos escravos afroamericanos ata os sons actuais das modernas congregacións. Na mesma función escoitaremos os espirituais cantados nas plantacións, grandes éxitos de James Brown ou Whitney Houston e facer un sentido tributo a Thomas A. Dorsey, o creador do gospel.

Grandes del Gospel, a marca do gospel en España, despois de producir concertos adicados a grandes figuras da música negra como Aretha Franklin, Whitney Houston e B.B. King, renderá tributo no Nadal do 2025 a Michael Jackson, a lenda do pop que cambiou para sempre a historia do espectáculo.

O repertorio do concerto, a cargo de The South Carolina Chorale, incluírá unha selección de temas profundamente espirituais do rei do pop, entre outros Keep The Faith, algúns hits do gran cantante e clásicos do soul e do gospel interpretados co inconfundible estilo urbano desta gran coral de Carolina do Sur.

PREZOS: Público xeral: 14,00 €

Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 9,80 €

Sábado 20 de decembro

18:00 | Pazo da Cultura

MUSICAL INFANTIL



Familiar | 75 minutos | castelán

VOL MUSIC EVENTS

OHANA: El musical original de Lilo y Stitch!

O experimento 626, creado polo Doutor Jumba co obxectivo de xerar destrución, escapa e aterriza en Hawai. Alí coñece a Lilo, unha nena solitaria que o chama Stitch. Mentres Jumba e Pleakley tentan capturalo, Stitch aprenderá o verdadeiro significado da "Amistade" e da "Familia". O musical lémbra-nos que, sen importar de onde veñamos, todos necesitamos un lugar ao que chamar Hogar. Non te perdas esta divertida e emocionante historia para toda a familia, onde os personaxes cantan e bailan en directo!

Reparto:

Stitch: José Manuel Mompeán - Samuel Berenguer

Lilo: Paloma Mallebrera - Lucía Sarabia

Nani: Alba Aracil - María Abellán

Pleakley / Mertle: Laura Giménez - Rocío García

Jumba / David: Jorge Macas - Vicente Hernández

Cobra: Pedro Sánchez - José Manuel Mompeán

Gran Concejal: María Abellán - Michelle Bellés

Equipo artístico - Producción:

Dirección e Iluminación: Santiago Molina

Axudante de Dirección e Marketing: Laura Giménez

Producción e Adaptación Musical: Rocío García

Coreografías: María Abellán / **Música Orixinal:** Pablo Flores Torres

Deseño de Marioneta: Cristian Weidmann Cabrera

Deseño de Vestiario: Isabel Collado - Mari Fe Sánchez Villa- Alba y Nuria Sánchez Romero

Ilustración Cartel: Eric Torres @erictorres.art

Producción: Ln21 en colaboración con Suerte Guapa Producciones

Distribución: VOL MUSIC EVENTS

PREZOS: ESPECTÁCULO FÓRA DE ABONO

Patio de butacas: 16,00 €

Anfiteatro 1: 14,00 €

Anfiteatro 2: 14,00 €

Sábado 27 de decembro

19:30 | Pazo da Cultura

MÚSICA



Todos os públicos | 120 minutos

ASOCIACIÓN CULTURAL-MUSICAL SEMENTEIRA

CONCERTO DE FIN DE ANO

A Asociación Cultural e Musical Sementeira recolle e mantén viva a tradición celebrada en Narón dende as últimas décadas do século XX de despedir o ano con música organizando este concerto que busca ser un punto de encontro entre distintas xeracións de músicos e de posta en valor da rica actividade cultural do Concello de Narón.

O ano 2025 vén marcado polo 30 aniversario da creación da Banda Infantil Sementeira de Narón, unha agrupación cunha utilidade formativa avalada pola súa ampla traxectoria, que marcou os inicios musicais de varias xeracións de nenos e nenas de Narón e de toda a bisbarra.

Ademais da colaboración da Escola de Teatro, que realiza este evento coa súa presentación, contaremos coa colaboración das Escolas do Padroado da Cultura do Concello de Narón, de Baile Tradicional e de Baile de Salón, que darán vida coa súa danza a varias das pezas programadas durante o concerto.

Director da Xove Banda de Narón:

Francisco San Ramón Calvo

Directora da Banda Infantil Sementeira:

Alejandra Medín Doce

Agradecementos:

Escola de Actrices e Actores do Padroado da Cultura do Concello de Narón.

Escolas Culturais de Baile Tradicional e Baile Deportivo.

PREZOS: Público xeral: 2,50 €

Luns 29 de decembro

20:30 | Pazo da Cultura

MAXIA



Todos os públicos (a partir de 2 anos) | 90 minutos

FESTIVAL INTERNACIONAL DE ILUSIONISMO GALICIA MAGIC FEST

Un dos piares fundamentais do Festival Internacional de Ilusionismo Galicia Magic Fest é ofrecer ao público galego unha inmersión completa na vasta e fascinante arte da maxia, explorando as súas múltiples especialidades. Desde as grandes ilusións ata a micromaxia, pasando pola maxia cómica, a manipulación ou o mentalismo, o noso festival comprácese de presentar un abano de talentos que demostran a riqueza desta disciplina milenaria. Pero o noso compromiso vai máis aló da diversidade de xéneros.

En Galicia Magic Fest, tamén apostamos firmemente pola visibilidade e o recoñecemento do inmenso talento feminino no ilusionismo, traendo a Galicia a magas de prestixio mundial que marcaron un antes e un despois na historia desta arte.

Nesta edición, estamos de parabéns e celebramos un fito que, pola súa dificultade e pola apertada axenda da artista, foi un auténtico logro para o festival. Dende Las Vegas, con nacionalidade canadense pero raíces chinesas, comprácenos anunciar a participación dunha auténtica lenda viva, a que é indiscutiblemente a mellor maga do mundo na especialidade de manipulación e a primeira muller en gañar un premio mundial de maxia (FISM): JULIANA CHEN.

STUART MACDONALD (EE.UU.). Unha das figuras máis carismáticas e premiadas da maxia cómica a nivel internacional.

MIRKO CALLACI (ARXENTINA). Un comunicador excepcional e mestre da ilusión global.

MAGUS UTOPIA (HOLANDA). Liderada por Marcel Kalisvaart, un ilusionista de fantasía e visionario coreógrafo, Magus Utopia é moito máis que un acto de maxia tradicional. Son unha troupe de doce artistas que fusionan o ilusionismo coa danza, a acrobacia e unha estética escura e cinematográfica.

PEDRO VOLTA (ESPAÑA). O ilusionista galego á fronte da maxia internacional. A carreira de Pedro Volta é un testemuño da súa dedicación e talento, con logros que abarcan desde a dirección artística de grandes producións ata a asesoría de televisión e actuacións en escenarios de prestixio internacional.

PREZOS: VENTA ANTICIPADA:

Patio de butacas: 22,00 €

Anfiteatro 1: 18,00 €

Anfiteatro 2: 18,00 €

DÍA DO EVENTO:

Patio de butacas: 24,00 €

Anfiteatro 1: 20,00 €

Anfiteatro 2: 20,00 €



PAZO DA CULTURA

Concello de Narón

Rúa Holanda, s/n
Urb. Ciudad Europa
15570 NARÓN

T. 981 391 144

T. 981 102 897 (Despacho de billetes)

taquilla.pazo@naron.gal

www.padroadodecultura.es

 facebook/padroadodeculturaconcellodenaron

 @culturannaron

 @padroadodacultura

-Unha vez comezado o espectáculo (tanto ao inicio coma na segunda parte se existise un descanso), non se permite o acceso á sala, e nos casos excepcionais o acceso estaría xestionado polo persoal de sala a cargo.

-Non se pode fumar dentro do edificio, tampouco consumir bebida ou comida dentro da sala, salvo en casos excepcionais nos que así o determine a dirección do Pazo.

-Non está permitida a captación de imaxes ou son sen unha autorización previa por parte do Padroado da Cultura.

-Antes do comezo do espectáculo é imprescindible desconectar as axendas, alarmas, teléfonos móbiles ou calquera outro tipo de dispositivo electrónico.

-TODA PERSOA QUE ACCEDA AO RECINTO DEBE FACELO COA SÚA ENTRADA, INDEPENDENTEMENTE DA IDADE QUE TEÑA.



REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



Padroado da Cultura
Concello de Narón



Deputación
DA CORUÑA

